



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA VINTESETE DE DECEMBRO DO ANO
DOUS MIL TRECE .**

ASISTEN:

PRESIDENTE

D.Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horario Rouco Ferro

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Ángela Pérez Vázquez

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron con escusa o Concelleiro :

D. Antonio Blanco Estevo



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdere.i.com

Sendo as catorce horas do día vinteseite de decembro do ano dous mil trece, réúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO ÚNICO: APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2014

Sométese a debate e votación do Pleno da Corporación a seguinte proposta da alcaldía:

"APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PALAS DE REI PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2014"

Visto o expediente tramitado ó efecto no que se inclúen todos os documentos recollidos no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 18.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Por esta Alcaldía propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio 2014, co seguinte resumo por capítulos en ingresos e gastos:



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
CAPÍTULO	IMPORTE	CAPÍTULO	IMPORTE
I	1.218.180,83	I	843.356,61
II	1.132.747,72	II	85.000,00
III	58.767,77	III	431.355,14
IV	32.200,00	IV	1.236.611,06
	0,00	V	0,00
VI	836.150,74	VI	0,00
VII	0,00	VII	763.635,11
VIII	0,00	VIII	0,00
IX	81.910,86	IX	0,00
TOTAL	3.359.957,92	TOTAL	3.359.957,92

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar a plantilla de persoal comprensiva de todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal, nos termos en que aparece como Anexo de Persoal do Orzamento.

Cuarto.- Expor ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Quinto.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.

O Sr. Alcalde-Presidente, en primeiro lugar, quere desexar en nome do Concello de Palas de Rei unhas boas festas a todos e un venturoso aninovo a todos os palenses.

De seguido, o Sr. Alcalde-Presidente fai unha exposición do contido do proxecto de orzamento para 2014, facendo fincapé no importe total dos orzamentos que acadan os 3.359.957,92 euros tanto en ingresos como en gastos e que en liñas xerais son lixeiramente inferiores os do ano anterior. Esta redución trae causa dun axuste máximo no ámbito dos gastos pero co obxectivo de manter as actuacións municipais no apartado de gasto social, xa que as partidas que non baixan son as adicadas os servizos sociais, os servizos de dependencia, o servizo de centro de día e ao servizo do Punto de Atención Continuada. O Sr. Alcalde tamén destaca que, como consecuencia deste axuste no gasto, o Concello puido conxelar a maioría das taxas e impostos do Concello. Tamén afirma que no apartado de inversións tamén se baixa pero como consecuencia de que mentres que o ano pasado a obra do acondicionamento exterior do Castelo de Pambre figuraba no orzamento, a obra que se vai realizar para a rehabilitación do Castelo de Pambre durante o presente ano foi adxudicada pola Xunta de Galicia de maneira directa por un importe cercano os 2 millóns de euros.

Asimesmo o Sr. Alcalde destaca que se manteñen ou se acaso soben de maneira moi lixeira como consecuencia dos trienios devengados polos funcionarios ou pola contratación subvencionada de 12 traballadores do Grupo de Emerxencia Supramunicipal, os gastos de persoal que supoñen aproximadamente o 35% do importe de orzamento mentres que os gastos correntes soben apenas un 2%, como consecuencia do IPC. Apunta que o Capítulo 3 de gastos contempla os gastos por xuros de operacións de créditos vivos e que no capítulo 4 contéplase unha dotación en gastos de 32.200,00 euros para mantemento de actividades



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

benéficas, culturais, educativas e deportivas e transferencias a entidades sen ánimo de lucro, que están a realizar unha laboura moi importante dentro do municipio.

Por último, en relación co capítulo 6 de gastos di que recolle os investimentos consignados no anexo de investimentos por un importe total de 836.150,74 euros facendo especial mención á construción dunha residencia para a terceira idade, o acondicionamento e inversión en camiños municipais, as obras de mellora no parque empresarial, o mantemento e acondicionamento de rúas, prazas e vías municipais, o plan de aforro enerxético na iluminación eléctrica, a rehabilitación do ximnasio como centro deportivo, o soterramento de liñas eléctricas...

En resumen o Sr. Alcalde afirma que, a través do presente orzamento, o Concello realiza un esforzo investidor tremendamente significativo se se ten en conta os momentos de enorme dificultade económica pola crise que estamos a vivir, se se ten en conta que os concellos limitrofes das nosas dimensións teñen o mesmo gasto corrente pero con moitísima menos inversión en infraestructuras e se se ten en conta que en concellos con máis de 5 millóns de euros de orzamento o seu esforzo inversor e similar ou incluso inferior ó noso. Prosigue o Sr. Alcalde sinalando que o orzamento está equilibrado e que se trata dun orzamento que vai na boa línea, tal e como o demostran as cifras macroeconómicas que sitúan a Palas de Rei como un concello que, en renda per capita está igual que Outeiro de Rei e moi por riba de Monterroso.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención resumindo que estamos ante un proxecto de orzamentos para o exercicio de 2014 serios, reais e austeros, que conteñen unha conxelación salarial de todo o persoal tal e como marca a lexislación estatal, manteñense os gastos correntes, incrementan o gastos social e recollen un gran esforzo na inversión en momentos de máxima dificultade económica, sen incrementos de impostos e taxas municipais.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982390001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rouco Ferro, que explica que o gasto de persoal do exercicio de 2013 representaba o 33,5% do total do orzamento fronte o 36,25% que recolle o capítulo I do orzamento de 2014; os gastos correntes, que son os gastos do capítulo 2, ascende a cantidade de 1.132.000,00 aproximadamente cando o ano pasado era aproximadamente de 1.111.000,00 euros; os gastos financeiros no exercicio de 2013 eran de 55.000,00 euros mentres que neste ano pasan a 58.000,00 euros; no capítulo 6, que son inversións reais, no ano 2013 tiñamos 1.089.000,00 euros, mentres que este ano 2014 imos ter 836.000,00 euros; no capítulo 9, que son gastos por amortización de pasivos financeiros, no ano 2013 tiñamos 43.000,00, mentres que no presente ano temos 81.000,00 euros.

Asimesmo, o Sr. Portavoz do Grupo Socialista afirma que efectivamente a obra do Castelo de Pambre non se podía meter neste orzamento do ano 2014, pero e que tampouco se podía meter nos orzamentos dos anos 2012 e 2013 e metéronse igualmente. Por iso, reafirmase na idea de que os anteriores orzamentos eran absolutamente irrealistas e ten a sensación de que o Sr. Alcalde presenta uns orzamentos para pasar o trámite porque así o obriga as distintas Administracións Públicas, entre elas, o Ministerio de Facenda. Tamén afirma que os orzamentos modificanse de maneira reiterada ó longo do ano á súa conveniencia, dando golpes de timón sen sentido e sen planificación. Considera, a modo de conclusión, que o Sr. Alcalde trae ó pleno do Concello uns orzamentos de mal xestor e de mal gobernante, como despois demostrará a través do informe do Sr. Secretario. Por último, afirma que a memoria presentada polo Sr. Alcalde é de risa e as bases de execución do orzamento están sacadas dos modelos de "espublico" e polo tanto non aportan nada ao Concello de Palas de Rei. Como conclusión, expón que ao seu grupo municipal estes orzamentos non lles gustan en absoluto.

Fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do P.P., o sr. Pensado Barbeira, o cal en primeiro lugar quere felicitar a todo o persoal do Concello encabezado polo Sr. Secretario por axudar, mediante a aportación de todos os datos precisos, á confección do orzamento en tempo e forma, cousa que non fan outros concellos de 1º categoría ou outros concellos que son capital de provincia. En relación co orzamento presentado, o Sr. Pensado

Barbeira afirma, en primeiro lugar, que Palas de Rei ten un gran xestor e un bo gobernante na persoa do Sr. Alcalde, e isto se demostra coa presentación, por parte do Sr. Alcalde duns orzamentos que, ademais de austeros co gasto superficial, son reais, creibles, serios, realizables e responsables. Ademáis, considera que nesta situación de crise que estamos a vivir, os concellos necesitan orzamentos como o que se presenta no día de hoxe, onde se manteñen os gastos en servizos sociais, os cales son modélicos e exemplares para toda a Comunidade Autónoma (en servizo de axuda no fogar, no centro de día, en dependencia, no Punto de Atención Continuada, no Centro de Información da Muller...), se mantén un nivel de emprego alto no municipio e onde a débeda do Concello se reducirá a finais do ano 2014 en 81.000,00 euros, quedando a débeda total do Concello no porcentaxe do 43% dos recursos ordinarios do orzamento, un nivel que está moi alonxado do límite máximo establecido na Lei de Facendas Locais do 110%. Por outra parte, afirma que nestes orzamentos mantéñense as axudas as empresas para facilitar o emprego neste municipio. Este tipo de políticas de emprego adoptadas dende o Concello propiciaron que na actualidade esten no municipio de Palas de Rei empresas tan importantes como García Baquero dispostas a xerar postos de traballo ó longo do ano 2014 e que ao longo do presente ano vanse instalar no municipio novas fábricas de peles que a súa vez vai xerar emprego. Todos estos datos provocan que Palas de Rei se poida comparar no aspecto de política de emprego a municipios con 5.000 ou 8.000 habitantes máis que os que ten Palas de Rei, mantendo sempre a mesma calidade nos servizos sociais. Isto sí que é facer un análise serio da situación e do orzamento según o Sr. Pensado.

Por último o Sr. Pensado expón que a suba no capítulo I de gastos de persoal débese a que o Concello fai obras por administración e o sorprendente sería que, facendo isto, este capítulo non subise no orzamento, e afirma que outros concellos soben tamén os gastos deste capítulo pero coa diferenza de que estes concellos non fan obras por administración. Afirma pois que se non se fixeran estas obras por administración, o capítulo I de gasto baixaría máis dun 2%, como seguro que pode dicir o Sr. Secretario. Con respecto o capítulo VI, afirma que existen obras de carácter plurianual como a Residencia por importe de 200.000,00 e os camiños subvencionados por Agader por importe de máis de 50.000,00 que se deberán incorporar o vixente orzamento e que suporían, por tanto, que o capítulo VI non



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

ascenda a 836.000,00 euros senón que ascenda a case 1.100.000,00 euros. Por todo isto, conclúe a súa intervención felicitando o Sr. Alcalde polo orzamento presentado xa que o considera como razoable.

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rouco Ferro, afirma que a continuación vai desgranar as partidas de gasto do orzamento. En primeiro lugar sinala que os complementos específicos estipulados no orzamento non concordan cos establecidos na RPT en vigor, e ditos complementos só se poden modificar pola vía da modificación da RPT e non a través da aprobación dos orzamentos, como seguro pode acreditar o Sr. Secretario. En segundo lugar, sinala que a SS da partida 91/160.00 aglutina a totalidade dos gastos en seguros sociais cando a realidade establece que se debería dividir en diferentes partidas de política de gasto, tal e como sí se fai cos salarios dos diferentes traballadores. En terceiro lugar, afirma que na política de gasto 91, están consignados 30.000,00 euros en concepto de "gastos xurídicos", o cal o considera excesivo á vista de que temos un Secretario-Interventor no Concello e unha asesoría xurídica da Diputación que é gratis. En cuarto lugar, pregunta ó equipo de goberno se está previsto no orzamento as retribucións que lle hai que pagar en concepto de indemnizacións á titular da praza de secretaria-intervención según a sentenza do TSJ de Galicia ou polo contrario non pensa pagar estas cantidades e polo tanto non pensan cumprir a sentenza do TSJ de Galicia. En relación co mesmo, o Sr. Rouco afirma que no seu informe, o Sr. Secretario establece a suficiencia dos créditos para os gastos, pero á vista dos novos datos, interroga sobre se segue a pensar o mesmo. En quinto lugar, expón que na plantilla de persoal aparecen 14 postos de traballo como persoal laboral indefinido e solicita información de cando se fixo ese trámite. Tamén interroga sobre se se fan prórrogas de contratos a sabiendas que o límite máximo é de 3 anos e sobre cómo é posible que aparezan 14 postos estruturais que non aparecen na RPT. Considera que se volve a modificar a RPT vía orzamentos e reafirma que isto non se pode facer. O Sr. Rouco interpela que, se non se poden facer contratacións e se os soldos están conxelados, como é posible unha subida de 39.000,00 euros. Asimesmo, afirma que, según o informe do Sr. Secretario, a estrutura de persoal non se adecúa a RPT, e se cuestiona onde



están os informes de intervención no pago de nóminas e tamén se cuestiona se se realizaron novas contratacións para servizos non esenciais como prohibe a lei estatal e, se é o caso, onde están os correspondentes informes desfavorables.

Por outra banda, o Sr. Rouco afirma que no informe do Sr. Secretario afirmase que se incumpre a estabilidade orzamentaria e tamén que se descoñece o saldo da conta 413 a 31 de decembro de 2013, pero afirma que o que sí ten que saber o Sr. Secretario e así o solicita o grupo municipal socialista, é o saldo da conta 413 a 19 de decembro de 2013.

Por último, o Sr. Rouco cuestiona se se vai pedir algún crédito ou se se vai a acoller a 3º fase de pago a provedores e esixe saber cantas operacións de tesorería están en vigor a día de hoxe.

Por todo isto, o Sr. Rouco afirma que este orzamento non convence ao grupo socialista.

Volve a facer uso da palabra o voceiro do grupo municipal do P.P., o sr. Pensado Barbeira, quen afirma que o grupo municipal do PP de Palas de Rei non son parvos, e polo tanto, nos acatamos as sentenzas xudiciais como non podía ser doutro modo. Afirma que os gastos xurídicos, tendo en conta a cuantiosa actividade do Concello, son razoables mentres que no tema do persoal laboral indefinido é pola aplicación do artigo 15.5 do Estatuto do Traballador. Por último e para rematar, o Sr. Pensado afirma que o orzamento cumpre o principio de teito de gasto e cumpre, se non se aplicasen axustes que so teñen sentido na liquidación, o principio de Estabilidade orzamentaria e o principio de que o gasto corrente e financiado na súa totalidade polo ingreso corrente.

Volve a facer uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o Sr. Rouco que afirma que a súa persoa lle encantaría que o Concello vai ben pero o problema é que a realidade e que o Concello vai mal. Sinala que o Concello de Palas de Rei debe proceder a regularizar a situación do persoal do Concello a través da RPT, como di no seu informe o Sr. Secretario, e ademáis engade que á vista do que establece no seu informe o Sr. Secretario, os gastos financeiros de amortización e de intereses suben de maneira moi significativa. Ademais expón



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

que o Concello debe practicamente 1.200.000,00 euros, o que supón o gasto corrente do Concello nun ano orzamentario. Tamén volve a cuestionar sobre en qué se gastan o importe da partida de gastos xurídicos e que temas están a resolver.

Por outra banda, sinala, con respecto os ingresos do orzamento, que o importe do IAE está inflado dunha maneira bastante evidente e que no caso do aumento do IBI prodúcese por unha subida que fai o goberno do PP en Madrid e que no noso Concello adicamos a pagar débeda. Por tanto, conclúe que os veciños de Palas de Rei pagan máis impostos para pagar débeda e que saian gañando os de sempre, é dicir, os bancos. Tamén expón que o ICIO e o capítulo 3 de taxas e prezos públicos están inflados, igual que ocorreu no orzamento do ano pasado.

Por último, o Sr. Portavoz do Grupo Socialista afirma que este orzamento non cumpre a estabilidade orzamentaria o cal obriga a formulación dun plan económico financeiro e tampouco vai cumprir a regra de gasto cando se sepa, no mes de marzo, a liquidación do ano 2013, xa que é sobre esta magnitude sobre a que hai que facer o verdadeiro estudo do mesma. Por tanto, o Sr. Rouco afirma que ao seu grupo municipal lle gustaría votar que sí os orzamentos pero que, por todo o que acaba de expoñer, o seu grupo municipal non o pode facer e por tanto, anuncia o seu voto en contra.

Unha vez rematadas as intervencións dos voceiros dos grupos municipais, intervén o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde afirma que estes orzamentos que presenta o Concello de Palas de Rei son a envexa doutros concellos das mesmas características. Son uns orzamentos que poñen de manifesto que a débeda do Concello é do 43% dos recursos ordinarios do Concello e que, nin de lexos, alcanzan o 110% que é o límite máximo. Ademáis engade que son uns orzamentos que lexos de estar inflados, caracterízase por ser reais e creíbles, ademáis de dinamizadores da economía do municipio. Asimesmo, sinala que o seu grupo político non anda preocupado polos informes do secretario-interventor, senón que anda preocupado polos veciños de Palas de Rei e por iso os proxectos do grupo popular son realidades (centro de día e residencia por



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

importe de 400.000,00 euros; camiños rurais e urbanos por importe de 150.000,00; obra do Castelo de Pambre por importe de 2.000.000,00 euros;...). Por tanto e como conclusión, o Sr. Alcalde afirma que este Concello camiña día a día na boa senda e que, por iso, este orzamento para o ano 2014 non é virtual, senón que é real como a vida mesma.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, o Pleno da Corporación, por seis votos a favor que corresponden ós Concelleiros do Grupo Municipal Popular, Srs/sras. García Vázquez, Lodeiro Castiñeira, Sande Agra, Pensado Barbeira, Vila Agra e Taboada Camoira e catro votos en contra que corresponden os Concelleiros do Grupo Municipal Socialista Don Horacio Rouco Ferro, Doña Angela Pérez Vázquez, Doña Noelia Vázquez Paredes e Don José Sabino Prieto Vázquez, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio 2014, co seguinte resumo por capítulos en ingresos e gastos:



ESTADO DE GASTOS		ESTADO DE INGRESOS	
CAPÍTULO	IMPORTE	CAPÍTULO	IMPORTE
I	1.218.180,83	I	843.356,61
II	1.132.747,72	II	85.000,00
III	58.767,77	III	431.355,14
IV	32.200,00	IV	1.236.611,06
	0,00	V	0,00
VI	836.150,74	VI	0,00
VII	0,00	VII	763.635,11
VIII	0,00	VIII	0,00
IX	81.910,86	IX	0,00
TOTAL	3.359.957,92	TOTAL	3.359.957,92

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar a plantilla de persoal comprensiva de todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal, nos termos en que aparece como Anexo de Persoal do Orzamento.

Cuarto.- Expor ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Quinto.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE



O SECRETARIO

